- CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

- CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
- CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico Vídeo Disc-jockey e Son
- CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

Criterios de avaliación mínimos. Unidade formativa 2: Equipos de Traballo, Dereito do Traballo e da Seguridade Social e Procura de Emprego

- CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico Vídeo Disc-jockey e Son
- CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
- CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- CA3.1. Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
- CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
- CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo.

- CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
- CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico Vídeo Disc-jockey e Son
- CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico Vídeo Disc-jockey e Son
- CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Contidos conceptuais e procedimentais: acadar unha cualificación non inferior a 4 sobre 10, resultado de facer a media aritmética entre as cualificacións das tarefas recollidas e da proba tipo test

Supoñen o 80% da cualificación final. Valoráranse os produtos elaborados polo alumnado en cada unidade didáctica (traballos entregados, participación en debates e proba escrita tipo test). Cualificaranse de 0 a 10 e farán media aritmética entre eles. As unidades aprobadas serán liberatorias de materia para o exame final.

Contidos actitudinais:

Supoñen o 20% da cualificación final. Valorárase positivamente a asistencia puntual ás sesións, un comportamento participativo positivo na aula, de interese polo contido do módulo, e de cooperación cos compañeiros. Terase en conta a asistencia á clase do alumno, a puntualidade, a regularidade na presentación das tarefas requiridas ou entregadas voluntariamente, as intervencións voluntarias para a resolución de cuestións, resolución de exercicios propostos, e a colaboración nun positivo desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe. Valoráranse negativamente as faltas de comportamento.

En todo caso, unha actitude reiterada de obstrución e non colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe implicará unha cualificación de 0 nos contidos actitudinais. Implica esta cualificación dúas ou máis expulsións da aula durante o curso de acordo co previsto no Regulamento de Réxime Interno do centro ou apercibimentos reiterados por parte do profesor na aula ao longo do curso por actitudes que entorpezan o proceso de ensino-aprendizaxe. Unha cualificación de 0 nos contidos actitudinais é suficiente como para que o alumno acade unha cualificación final no módulo inferior ao 5.

#### CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

Nas probas sobre os contidos conceptuais, valorárase a correcta asimilación dos contidos, a profundidade dos coñecementos adquiridos, a claridade na exposición, o seguimento das indicacións dadas pola docente en cada caso concreto, e o correcto emprego da terminoloxía técnica destes contidos.

Nas probas sobre os contidos procedimentais, valorárase a correcta execución das probas. De tódolos xeitos, se o alumno non soluciona correctamente o exercicio ou suposto, pero o plantexa correctamente, acadará como mínimo o 40% da nota dese suposto

Durante a realización dos exames está prohibida a utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo que poida ter conexión a internet. Ademais, no caso de que se detecte que algún alumno está copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicárselle que como consecuencia esa proba queda suspensa.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### SISTEMA DE RECUPERACIÓN DAS PARTES SUSPENSAS

Os alumnos que teñan algunha avaliación parcial suspensa poderán recuperala antes da avaliación final. Os estudantes terán que recuperar so as partes suspensas (traballo ou exames) gardándose a nota das partes superadas. Se non o superan no tempo e forma especificadas pola docente durante o curso, deberá realizar o exame final do módulo.

Se un alumno non supera unha avaliación, despois de sumar as notas acadadas en contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais (tendo en conta que non é posible acadar unha nota inferior a un 2/10 en ningún destes apartados), non acadase un 5/10 despois de darlle indicacións para a recuperación, deberá acudir a unha proba final do módulo. As unidades aprobadas non son liberadoras de materia.

Se un alumno tiñese 10 faltas de asistencia sen xustificar (3 faltas de puntualidade asimílanse a unha falta de asistencia), ao longo do curso, automaticamente perderá o dereito á avaliación continua (máis do 10% das sesións previstas neste módulo), debendo examinarse de todo o módulo na proba escrita final, no que unicamente se examinarán contidos conceptuais e procedimentais, representando cada un deles o 50% da nota. unha nota inferior a un 2/10 tanto en contidos conceptuais coma en contidos procedimentais na proba escrita final implicará unha cualificación final de 4 ou menos sobre 10.

As xustificacións das faltas de asistencia deberán ser ensinadas á docente do módulo e entregadas posteriormente á/ao tutor/a do ciclo formativo. So se considerarán válidas as xustificacións polas causas que se lle indicaron ao alumnado na presentación do ciclo formativo, seguindo a normativa aplicable ao respecto.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Se un alumno tivese máis dun 10% de asistencia ao longo do curso automaticamente perderá o dereito á avaliación continua, debendo examinarse de todo o módulo nunha proba final extraordinaria, no que unicamente se examinarán contidos conceptuais e procedimentais, representando cada un deles o 50% da nota final. Unha nota inferior a un 2/10 tanto en contidos conceptuais como procedimentais no exame final, implicará unha cualificación final de 4/10 ou menos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase a través da plataforma indicada para isto. A docente revisará ao finalizar cada unidade a temporalidade e se as actividades foron axeitadas para o grupo, e fará cambios nas próximas unidades se así o considera apropiado. Tamén verá se as tarefas e a proba tipo test foi asequible para o alumnado, intentando sempre acadar polo menos un 80% de alumnos aprobados por unidade didáctica. Se eso non sucedera, a docente deberá replantear as tarefas e/ou a proba final. A maiores, trimestralmente farase un seguimento da programación a través dunha ficha en papel onde se dará referencia ás unidades vistas así como si se cumpren os seus obxectivos especificando se fora o caso o motivo da non consecución dos obxectivos, para así buscar alternativas en futuras ocasións.

O seguimento da programación será un elemento a comentar nas reunións periódicas do Departamento de FOL, así como nas reunións dos profesores de cada ciclo.

En caso de que durante o curso se realizaran modificacións na Programación, deixarase constancia das mesmas nas Actas das reunións do Departamento. Do mesmo xeito, reflectirase na Memoria Anual do Departamento de final do curso.

En función dos resultados da avaliación da actividade docente, se se queren incluír propostas de mellora para a do ano seguinte, tamén se comentarán na Memoria.

#### AVALIACIÓN DA PROPIA ACTIVIDADE DOCENTE

- Ao longo do curso entregaráselle aos alumnos unha enquisa de avaliación das actividades de aula, na cal anónimamente poidan valorar determinados aspectos da práctica docente (metodoloxía, actividades, probas de avaliación, recursos, ..).
- Tamén empregaremos outra enquisa de actividades de aula para o profesorado onde nós mesmos tentaremos avaliar o noso propio labor docente.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio de cada unidade didáctica lanzaranse unha serie de preguntas ao grupo que se utilizarán para ter unha idea dos coñecementos previos sobre o tema, observando o punto de partida do grupo e de cada un dos alumnos. Estudarase tamén se algún alumno ten algunha dificultade de tipo físico, psicolóxico, sensorial ou académico que poida afectar ao seu rendemento no módulo.

A información obtida comentarase na reunión da avaliación inicial co titor e resto de profesorado do ciclo, para coñecer outra información relevante das súas circunstancias persoais, académicas,...

#### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A docente terá en conta as necesidades educativas especiais do alumnado, aplicando medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino-aprendizaxe. Garantírase sempre o dereito de accesibilidade universal, polo que a docente tomará en conta as modificacións que se requiran para que calquera alumno poida seguir e participar de igual maneira no proceso de ensino-aprendizaxe en igualdade de condicións independentemente das súas características persoais.

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 (De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, conforme o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral).

#### AS MEDIDAS ORDINARIAS E XERAIS QUE SE PODEN ADOPTAR SERÁN AS SEGUINTE:

- Avaliación inicial ao comezo do curso: Mediante unha ficha sinxela que deberán cubrir e entregar, e se fose preciso con entrevistas individuais ou unha charla grupal na aula. Ademais manterase unha reunión co Dpto. de Orientación e co titor do grupo, para coñecer outra información relevante das súas circunstancias persoais, académicas,...



- Traballo en equipo do profesorado do grupo, establecendo ó comezo do curso os cauces de comunicación e coordinación que se van empregar durante o ano, en especial co titor, para realizar un seguimento e atención específica á cada alumno/a.

- Nas clases, con medidas que NON precisan dunha organización moi distinta da habitual e que NON afectan aos elementos prescriptivos do Currículo:

1. Adaptación dos resultados das Unidades: priorizando, introducindo capacidades complementarias ou alternativas, cunha secuenciación específica.
2. Adaptación dos contidos: priorizandoos, reordenandoos, introducindo contidos alternativos ou complementarios, secuenciación individualizada.
3. Fixación duns contidos mínimos imprescindibles, comúns para todo o alumnado e que deben acadarse obrigatoriamente, respetando os do Currículo oficial básico.
4. Adaptacións metodolóxicas: Fomentando un clima motivante e participativo, individualizada e adaptada aos ritmos de aprendizaxe, ralentizando ou acelerando segundo o momento, empregando diversas estratexias (expositivas, deductivas, inductivas...), cun apoio e seguimento individualizado do traballo,...
5. Adapción dos agrupamentos: formando grupos con alumnado guía que, axudan a outros compañeiros, agrupamentos heteroxéneos ou mixtos no caso de alumnos extranxeiros ou con outra peculiaridade, grupos flexibles no tempo,...
6. Adaptación das actividades: Variadas, adaptadas, e de diversa dificultade que permitan diferentes grados de profundización: de REFORZO para os alumnos que precisen fortalecer contidos nos que teñan dificultades e acadar os contidos mínimos, de AMPLIACIÓN para que o alumnado con especial interese ou capacidades profundice e progrese nos contidos, ABERTAS con autonomía na súa realización, VOLUNTARIAS, tarefas de RECUPERACIÓN,...
7. Adaptacións na temporalización: flexibilizando a prevista para os Bloques de contidos ou para determinadas Unidades (capacidades ou contidos).
8. Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos desde diferentes ópticas, adaptándose ós alumnos/as.
9. Na avaliación: que sexa individualizada e fixe metas en base ás capacidades e nivel inicial de cada un, modificando os instrumentos e procedementos de avaliación; distintos tipos de probas para comprobar o dominio dos contidos.

#### ALUMNADO CON DIFICULTADES MODERADAS AUDITIVAS, VISUAIS OU DE MOBILIDADE:

Adaptacións de acceso :

- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado.
- Procurarase unha posición central e visible, cunha correcta e pausada verbalización.
- Eliminación de barreiras .
- Correcta distribución de espazos e elementos materiais na aula.
- Coidarase as condicións ambientais da aula, sonoras e de iluminación.

Adaptación dos recursos, con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos, adaptándose ao alumnado.

Adaptación na avaliación, individualizada con modificación dos instrumentos e procedementos de avaliación. O modo e o tempo de realización adaptarase á casuística concreta.

#### ALUMNADO PROCEDENTE DE PROBAS DE ACCESO:

- Realizarase unha avaliación inicial máis completa e unha entrevista persoal co/a alumno/a.
- Seguimento específico mediante titorías individualizadas.

- As actividades faranse de xeito máis progresivo, empregando recursos máis prácticos e funcionais, e con actividades adicionais de reforzo sobre os contidos máis problemáticos.
- As actividades realizadas en grupo serán un medio para que outros alumnos/as o axuden.
- Incidirase nos aspectos máis prácticos e funcionais do módulo, tratando de establecer relacións coa experiencia laboral, práctica e coñecementos previos do alumnado.

#### ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO OU DE INCORPORACIÓN TARDÍA:

- Manterase unha entrevista e titorías individuais, para comprobar os seus coñecementos, situación persoal, informarllos da organización xeral do centro e das clases,...
- Crearase un clima de cordialidade e respecto, sen desigualdades e discriminacións cos compañeiros, fomentando a participación e integración nos grupos para as actividades.
- Solicitarase a colaboración dalgún alumno/a para que faga de titor-anfitrión os primeiros días.
- Crearanse situacións onde o alumno/a, con motivo das explicacións, comente como é a situación e características no seu país respecto da cuestión que se estea tratando.
- Empregarase a lingua galega como mecanismo de socialización, e fomentando a lectura en castelán e galego de textos relacionados co módulo e a profesión.

#### ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS :

- Enfoque multidisciplinar e dinámico dos contidos, que lles permita un enfoque global.
- Adaptación das ensinanzas mediante actividades complementarias e de ampliación.
- Crearase un clima na aula onde se sintan aceptados e non discriminados ou excluídos.
- Recomendaranse recursos e bibliografía específica (da Biblioteca do IES e do entorno escolar).

#### ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS SIGNIFICATIVAS:

O alumnado con diversidade funcional físicas, psíquicas, visuais e sensoriais graves , ou trastornos na personalidade o da conducta, tera unha atención individualizada e especializada, aplicando os principios de non discriminación e normalización educativa, tendo presente o obxectivo da integración. De non ser suficientes as medidas ordinarias, e se se precisan modificacións significativas do currículo, estudaranse medidas específicas, en colaboración co departamento de Orientación, adaptadas as características do alumno/a de cara a favorecer o seu desenvolvementos persoal e académico.

Atención individualizada respecto do espazo/aula, recursos, tempo e avaliación:

Adaptación de espazo/aula:

- Colocación axeitada na clase, e preto da situación onde está o profesorado para poder manter contacto visual e asegurarse de que atende.
- Procurarase unha posición central e visible, cunha correcta e pausada verbalización.
- Eliminación de barreiras.
- Correcta distribución de espazos e elementos materiais na aula.
- Coidarase as condicións ambientais da aula, sonoras e de iluminación.

Adaptación dos recursos:

- Con materiais específicos, diversos e variados para tratar os mesmos contidos, adaptándose ao alumnado, e aos recursos que pode utilizar debido a súa patoloxía, promovendo a súa participación na aula.
- Presentando a idea principal explicitamente ao principio da explicación e focalizando a atención nos conceptos clave.

Adaptación no tempo:

Na realización de cuestións e traballos, flexibilización do tempo de realización adaptándose ás dificultades que pode ter o alumnado.

Na avaliación, individualizada con modificación dos instrumentos e procedemento de avaliación. O modo e o tempo de realización adaptárase á casuística concreta.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

##### Obxectivos:

- Recoñecer a súa propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para acadar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmo que lle permita asumir a súa propia vida
- Utilizar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais
- Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles
- Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas

#### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

##### Obxectivos:

- Coñecer e adoptar modos de vida saudables dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que deles se derivan
- Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e medioambientais non ausables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por aquelas que favorezan o benestar persoal e grupal

#### EDUCACIÓN PARA A PAZ

##### Obxectivos:

- Valorar a autoestima e a seguridade persoal
- Ser capaz de superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais coma nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara actitudes que promovan o ben común

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

##### Obxectivos:

- Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo como inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do entorno
- Sentir respecto e implicación na mellora e conservación do medio ambiente dentro do ámbito laboral
- Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais no mundo actual

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN ENTRE HOMES E MULLERES

##### Obxectivos:

- Participar nas actividades de grupo de forma responsable, solidaria e constructiva, apreciando a deferencia como unha riqueza colectiva
- Modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, desprezos ou comentarios despectivos
- Coñecer os mecanismos e valores de funcionamento social
- Distinguir elementos discriminatorios no entorno e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Este curso, e debido á situación de emerxencia sanitaria na que nos topamos, non se permite a realización de actividades complementarias e extraescolares que supoñan saír do centro ou que supoñan visitas ao mesmo.

Adaptándonos a esta situación intentarase xestionar a seguinte actividade:

- Sesión cunha persoa pertencente a un sindicato que lles mostre a realidade do día a día da actividade sindical.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica na F.P. específica promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Asim mesmo, favorecerá no alumnado a capacidade para aprender por sí mesmo e traballar en equipo.

O enfoque metodolóxico seguido é o do Constructivismo, que parte da filosofía de que é o alumnado quen constrúe e modifica seus coñecementos, convertíndose polo tanto el mesmo no motor da súa propia aprendizaxe. O docente exerce un papel de guía do proceso, organizando e planificando actividades que permitan plantexar un conflito cognitivo e modificar os seus esquemas de coñecemento.

Isto implica a necesidade de:

- 1) Partir dos coñecementos previos do alumnado e das súas capacidades e intereses.
- 2) Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, procurando que os novos coñecementos teñan vinculación cos coñecementos previos e se establezan entre eles relacións sustantivas e estables que permita construír novos significados.

- creación dun conflito cognitivo na zona de desenvolvemento próximo.

- utilización de material estruturado, claro e organizado.

- motivación do alumnado, actitude activa e esforzada.

- 3) Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, mediante coñecementos vinculados co contexto socioeconómico e útiles para aplicarlos ás situacións reais do traballo.

- 4) Posibilitar a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmos, de aprender a aprender, de construír e actualizar aprendizaxes significativas de xeito autónomo.

- 5) Utilizar unha metodoloxía activa e participativa, onde o alumno/a é o protagonista, e creando un clima favorable na aula que permita a súa implicación e motivación.

- 6) Trato interdisciplinar e integrado dos contidos en relación con outros módulos.

Métodos didácticos específicos:

En función do tipo de actividade e finalidades, empregaranse diversos métodos didácticos específicos, entre eles : expositivo, deductivo, exploratorio-inductivo, de descubrimento guiado, mando directo ou asignación de tarefas, ensino recíproco, de búsqueda de información, de resolución de conflitos, dinámicas grupais.

Fomento das novas tecnoloxías da información e comunicación ( TIC ) :

A tecnoloxía ten adquirido un papel protagonista dentro da sociedade actual. O emprego das mesmas pasou de ser algo lúdico a ser unha obriga derivada da necesidade nos nosos tempos de acceder cada vez máis a un maior nivel de información e a unha actualización constante do coñecementos polos cambios constantes da sociedade .

Realízanse moitas actividades que terán como núcleo central as TICs (na aula medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet), pois son medios lúdicos e motivadores que impulsan o traballo investigador e creativo, e porque permiten que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe (autoaprendizaxe) e a actualización continua do mesmo.

Fomento da lectura :

Aínda que sendo alumnos que proveñen da ESO ou Bacharelato xa teñen uns hábitos de lectura adquiridos, potenciaremos a lectura de textos tanto de carácter xeral como de tipo científico propios do módulo e da profesión, especialmente se son en lingua galega. Empregaremos xornais,

revistas, textos legislativos, documentos obtidos na rede ou outro tipo de publicacións especializadas, que serán lidas, comentadas e debatidas en clase, ou sobre as que terán que facer traballos, para que adquiran o vocabulario e unha fluidez que lles permita expresarse e explicarse nestes ámbitos dun xeito correcto.

Secuencia de actividades en cada Unidade :

Seleccionaranse por criterios de MOTIVACIÓN, ADAPTACIÓN ,

SIGNIFICACIÓN, VARIEDADE, PROGRESIVIDADE, e seguindo este esquema: do coñecido ó descoñecido, do doado ó difícil, do concreto ó abstracto, do particular ó xeral.

- Actividades de introducción - motivación: para despertar o interese pola realidade que vai aprender, plantexando un suposto e abrindo un debate, e presentando un guión da Unidade: finalidades, contidos, actividades, sesións,...

- Actividades de detección dos coñecementos previos: unha avaliación inicial das súas ideas, opinións e acertos ou erros sobre os contidos a desenvolver.

- Actividades de desenvolvemento: para a explicación, tratamento e asimilación dos contidos da Unidade. Plantexaranse exercicios e supostos, correxiranse e atenderanse as posibles dúbidas que poidan quedar pendentes tras o anterior.

- Actividades de síntese - resumo: Facilitan a relación e o enfoque globalizador dos contidos aprendidos (esquemas, mapas conceptuais, cadros-resumo).

- Actividades de consolidación e afianzación: aplicación en diferentes situacións dos coñecementos adquiridos. Contrastan as novas ideas coas ideas previas.

- Actividades adicionais: de ampliación (para que o alumnado aventaxados profundice coñecementos), recuperación ou reforzo (alumnado que non acadan os mínimos exixidos), e complementarias ou extraescolares.

- Actividades de avaliación: Son actividades específicas para para facer os 3 tipos de avaliacións, e que non estiveran cubertas polas actividades anteriores.

Actividades individuais e agrupamentos de alumnos :

Ademais das actividades individuais concretas que se realizarán (traballo independente segundo o ritmo e capacidades de cada alumno), potenciarase o traballo en equipo a través de moitas actividades grupais, pois teñen múltiples vantaxes: axudan á socialización e á comunicación interpersonal, fomentan a responsabilidade e respecto, fortalecen o espírito crítico, reflexión e contraste de ideas.

Os criterios para realizar agrupamentos serán estes : integración (comunicativos e retraídos..), proximidade (social, física), heteroxeneidade (en capacidades e coñecementos) , flexibilidade na duración e organización. En función do tamaño serán de Gran grupo (todos os alumnos) , Grupo medio (8-10) e Grupo pequeno (3-4).

## 10.2) Confinamento

Este curso dase a circunstancia extraordinaria de que pode darse a situación de confinamento de alumnos e/ou profesores.

A entrega de tarefas farase mediante documento escrito en papel e/ou a través da aula virtual do centro en data e hora indicadas pola docente previamente.

Caso 1: confinamento dalgún/a alumno/a:

O material que se utiliza nas aulas estará accesible tamén na aula virtual do centro, de maneira que se algún alumno ou alumna se ten que confinar, terá acceso ao material usado na aula. Se isto sucede, farase un seguimento personalizado do alumno con contactos periódicos por parte da docente mentras dure esta situación.

Caso 2: confinamento da docente e do alumnado:

Usarase neste caso a aula virtual do centro máis, se a docente o considera necesario, ciscoweb ou meet para ter contactos telemáticos directos periódicos co alumnado. As tarefas entregaranse usando a aplicación da aula virtual; os debates sobre as cuestións propostas faranse a través de foros creados especificamente pola docente; e as probas escritas neste caso faranse todas tipo test (o alumnado deberá seguir as indicacións da docente e dar resposta ás cuestións que se plantexaran a través da aula virtual como se dunha tarefa se tratase, e subir a táboa de respostas á aula virtual no tempo que se determine en cada caso)

Caso 3: Modificación na normativa posterior á elaboración desta programación

No caso de que haxa modificacións normativas ao longo deste curso que afecten ao desenvolvemento desta programación o procedemento será o seguinte:

- A docente elaborará un anexo a esta programación que incorpore esas modificacións. Este anexo á programación será posto a disposición do alumnado a través da web do centro e/ou da aula virtual.